

ANEXO V
Concellos Zona I

Provincia da Coruña

Aranga

As Pontes de García Rodríguez

Dumbría

Mazaricos

Monfero

Muxía

Sobrado dos Monxes

Toques

Vimianzo

Provincia de Lugo

Abadín

Alfoz

Baralla

Friol

Guitiriz

Muras

O Corgo

O Incio

O Páramo

O Valadouro

Ourol

Samos

Triacastela

Provincia de Ourense

A Bola

Avión

Baltar

Bande

Beariz

Calvos de Randín

Cualedro

Entrimo

Lobeira

Lobios

Melón

Muíños

Os Blancos

Rairiz de Veiga

Vilar de Santos

Provincia de Pontevedra

A Cañiza

A Estrada

A Lama

Cerdedo

Covelo

Cuntis

Forcarei

Fornelos de Montes

Valga

Orde do 30 de novembro de 2009 pola que se establece o réxime de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2010.

O Regulamento (CE) 797/2004, do Consello, do 26 de abril de 2004, relativo ás medidas destinadas a mellorar as condicións de produción e comercialización dos produtos da apicultura e o Regulamento (CE) 917/2004, da Comisión do 29 de abril, que establece disposicións de aplicación do anterior, consideraban o cofinanciamento comunitario das accións previstas nos programas de medidas de axuda á apicultura presentados polos Estados membros.

O Regulamento (CE) 797/2004 foi derogado polo Regulamento (CE) nº 1234/2007, do Consello do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas, (Regulamento único para as OCM). Este último regulamento recolle as axudas a estes programas agrícolas no artigo 105 e seguintes.

En España o Real decreto 519/1999, do 26 de marzo, modificado polo Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, e tamén polo Real decreto 448/2005, do 22 de abril, de modificación destes dous reais decretos citados, establece un réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais.

O programa de mellora da produción e a comercialización dos produtos da apicultura presentado por España foi aprobado pola Comisión Europea na Decisión do 10 de agosto de 2007.

No marco do dito Programa Nacional establécese un réxime de axudas destinadas a mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura, no que a participación financeira corresponde ata un 50% ao financiamento comunitario, ata un 25% corresponde ao financiamento do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino e a restante porcentaxe á Consellería do Medio Rural.

Como no artigo 108 do Regulamento (CE) nº 1234/2007, do Consello, establécese que os gastos dos Estados membros deberán efectuarse como máis tarde o 15 de outubro, data na que deben terse presentados os xustificantes de gasto por parte do Estado membro da Unión Europea, cómpre que os gastos correspondentes ás accións realizadas se xustifiquen ante a Consellería do Medio Rural no prazo fixado na resolución de concesión da axuda sen que en ningún caso poida exceder do 1 de setembro de 2010.

Na súa virtude, de conformidade co disposto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das facultades que me confiren o artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases dun réxime de axudas para o fomento daquelas activida-

des destinadas a mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura, e proceder á súa convocatoria para o ano 2010.

Artigo 2º.-Finalidade das axudas e contías.

Poderán ser obxecto das axudas, de acordo coa normativa comunitaria, aquelas actividades ou investimentos que estean recollidos no programa nacional e encamiñados a:

a) Prestar información e asistencia técnica: asesoramento e formación de apicultores, formación de persoal de centros de envasamento e de laboratorios de organizacións apícolas, técnicas apícolas, divulgación. Para esta liña a subvención será do 50% dos gastos.

b) Loita contra a varroase, actividades inescusablemente ligadas a un programa sanitario supervisado por un veterinario responsable da súa correcta aplicación e funcionamento: asociacións de defensa sanitaria, custos de tratamentos químicos autorizados que non sexan subvencionados doutro xeito, métodos de loita biolóxica, mellora das condicións de tratamento das colmeas. Para esta liña a subvención será do 50% dos gastos en produtos, outros materiais e asistencia técnica. E do 50% do custo da contratación dun veterinario, ou do 90% no suposto de que a contratación sexa en exclusividade, cunha limitación de 36.000 euros para subvención deste contrato.

c) Racionalizar a transhumancia: identificación das colmeas e dos marcos, investimentos en equipamentos de uso exclusivo para manipulación de colmeas, divulgación de boas prácticas de transhumancia, acondicionamento de espazos, seguro de danos e responsabilidade civil. Para esta liña a subvención será do 50% dos gastos, agás a identificación das colmeas na que a subvención será do 70%.

d) Apoio á repoboación da cabana apícola: programa de cría de raíñas autóctonas para a renovación do censo que incluírá a produción de núcleos e a distribución a outros apicultores, reposición de baixas con enxames autóctonos. Para esta liña a subvención poderá ser do 50% dos gastos.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán optar ás medidas da axuda prevista no artigo 2º:

a) Aquelas persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas. Será requisito para a obtención das axudas, estar inscrito no rexistro oficial apícola da Comunidade Autónoma, polo menos con anterioridade ao primeiro de xaneiro do ano 2009. Ademais, os beneficiarios deberán cumprir coas obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Os colmeares abandonados e as colmeas mortas non darán dereito ao cobramento de axudas polo seu titular.

b) Cooperativas apícolas e organizacións representativas con personalidade xurídica de seu, integradas na súa maioría por apicultores que cumpran os requisitos da letra a).

Un mesmo apicultor só poderá ser beneficiario de axuda por unha mesma actuación de forma única para cada unha das súas explotacións, ben sexa a título individual ou ben como integrante dunha cooperativa ou organización representativa.

2. Será preciso presentar a documentación correspondente, segundo a seguinte relación:

2.1) As persoas físicas (apicultores), integrados ou non nunha asociación ou organización de apicultores, presentarán solicitudes individuais, achegando a solicitude coa seguinte documentación:

a) No caso de representación exixírase autorización para facer a solicitude nos termos exixidos no artigo 32 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) NIF e certificado da conta bancaria.

c) Xustificación da identificación das colmeas (declaración xurada e modo de identificación) e número de colmeas.

d) Fotocopia compulsada de todo o libro de rexistro (caderno explotación apícola).

e) Programa de actuación que pretende desenvolver: memoria onde figuren os datos do apicultor, número de colmeas, descrición dos investimentos e finalidade deles, incluíndo orzamentos ou facturas pro forma dos investimentos. Cando o gasto subvencionable supere o importe de 30.000 euros para obras, ou 12.000 euros para subministracións ou prestacións de servizos, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores e xustificar a elección, nos termos especificados no artigo 31.3º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

f) Disponibilidade dos terreos nos que pretenda facer os asentamentos das alvarizas, así como permisos ou licenza das obras que pretenda realizar para a colocación das colmeas e/ou de adecuación ou mellora dos accesos, de ser o caso.

g) Memoria explicativa da realización da transhumancia (esbozo e situación dos lugares onde se pretende realizar a transhumancia), de ser o caso.

h) Xustificación da exclusividade dos equipamentos para a actividade transhumante, de ser o caso.

i) Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou socieda-

des, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto ou, se é o caso, cubrir, debidamente asinada, a declaración que figura no anexo III.

2.2) As persoas xurídicas (cooperativas apícolas, asociacións e organizacións representativas con personalidade xurídica de seu, ou calquera outro tipo de sociedade ou entidade), achegarán a solicitude coa seguinte documentación:

a) Certificación do órgano competente na que se especifique o acordo polo que se concede autorización para facer a solicitude ao asinante dela. Se actuase en virtude de atribucións fixadas nos estatutos, indicarase así na solicitude, citando a disposición que recolle a competencia. De non ser así, deberá acreditarse a representación conforme o artigo 32 da Lei 30/1992.

b) Certificación do órgano competente que acredite o desempeño actual do cargo.

c) Acta de constitución da asociación, organización ou copia compulsada dos estatutos.

d) Relación nominal de socios actualizada, por escrito en programa actualizado e tamén en formato electrónico, con NIF e número de colmeas de cada un dos socios.

e) Fotocopia compulsada do libro de rexistro de cada un dos integrantes, (das tres follas onde figuran: datos titular, a actualización do número de colmeas e dos servizos veterinarios oficiais).

f) NIF e certificado da conta bancaria.

g) Copia do contrato do veterinario responsable da execución do programa sanitario de loita contra a varroase, se é o caso.

h) Nas axudas da liña de loita contra a varroase declaración xurada do veterinario responsable de compromiso previo de execución e posterior xustificación do programa que abranga como mínimo o territorio dunha provincia.

i) Programa de actuación que pretende desenvolver para cada unha das liñas de axudas solicitadas: memoria descritiva de cada actuación onde figuren os datos dos apicultores incluídos no programa, número de colmeas, descrición dos investimentos e finalidade deles, incluíndo orzamentos pormenorizados e/ou facturas pro forma dos investimentos. Cando o gasto subvencionable supere o importe de 30.000 euros para obras, ou 12.000 euros para subministracións ou prestacións de servizos, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores e xustificar a elección, nos termos especificados no artigo 31.3º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

j) Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades,

así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto, ou, se é o caso, cubrir, debidamente asinada, a declaración que figura no anexo III.

k) Xustificación do cumprimento puntos l.c), l.f), l.g), l.h) do artigo 3º.2.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

De acordo co artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión de axuda polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Non obstante quedarán exentos de xustificación de cumprimento das obrigas os beneficiarios das axudas que non superen un importe de 1.500 euros.

Artigo 4º.-*Presentación de solicitudes.*

As solicitudes presentaranse preferentemente nos rexistros dos órganos dependentes da Consellería do Medio Rural. Así mesmo, poderán presentarse nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas, ou a algunha das entidades que integran a Administración local, se neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio, segundo se determina no anexo II do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de envío por correo farase de acordo co regulamentariamente previsto, no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, presentándose en sobre aberto, co obxecto de que na cabeceira da primeira folla do documento que se queira enviar, se faga constar, con claridade, o nome da oficina e a data, o lugar, a hora e minuto da súa admisión.

As solicitudes axustaranse aos modelos que figuren como anexos I (solicitudes individuais de persoas físicas que realicen transhumancia e repoboación da cabana apícola) e II (solicitude xeral para todas as liñas, de persoas xurídicas).

Artigo 5º.-Prazo de presentación.

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Artigo 6º.-Tramitación, resolución e recurso administrativo.

1. O órgano competente para a instrución e tramitación do procedemento é a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.

Recibidas as solicitudes de axudas e a súa documentación, serán examinadas polos servizos técnicos, os que, se observan algunha deficiencia concederán ao solicitante un prazo de 10 días para emendas consonte o artigo 71 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999. Transcorrido este prazo sen que se producise a emenda ao expediente terase por desistido da súa petición, logo da súa resolución.

2. Efectuadas as comprobacións e estudos pertinentes, para a avaliación das solicitudes presentadas constituirase un órgano colexiado formado polo subdirector xeral de Gandarfa, o xefe do Servizo de Sanidade Animal e o xefe do Servizo de Dotación de Medios, que emitirá un informe que conterá unha relación dos solicitantes para os que se propón a concesión de subvención e a contía, así como daqueles para os que se propón a denegación da subvención solicitada e que será elevado ao director xeral de Producción Agropecuaria para a formulación da proposta de concesión.

3. Os criterios obxectivos de outorgamento serán os seguintes:

No caso de que as axudas superen o crédito dispoñible seguirase a prioridade seguinte entre liñas: primeira liña b) loita contra varroase; segunda liña c) transhumancia; terceira liña a) asistencia técnica; cuarta liña d) repoboación; e dentro de cada liña:

-Para a liña a) de información e asistencia técnica terán prioridade as solicitudes presentadas por cooperativas apícolas e asociacións de apicultores con personalidade xurídica propia sobre as presentadas polo resto de persoas físicas ou xurídicas. Dentro delas, terán prioridade aquelas que reúnan un maior número de colmeas propiedade dos apicultores que as integren e que teñan un ámbito territorial que abrangue como mínimo o territorio dunha provincia.

-Para a liña b) de loita contra a varroase, terán prioridade aquelas solicitudes presentadas por agrupacións de defensa sanitaria apícola ou figura equivalente. Dentro delas, terán prioridade aquelas que

reúnan un maior número de colmeas propiedade dos apicultores que as integren e que teñan un ámbito territorial que abrangue como mínimo o territorio dunha provincia.

-Para a liña c) de racionalización da trashumancia terán prioridade aquelas solicitudes presentadas por apicultores titulares dunha explotación profesional sobre as presentadas por apicultores titulares de explotacións non profesionais, conforme as definicións do artigo 2.g) do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas. Dentro delas, terán prioridade aquelas que reúnan un maior número de colmeas.

-Para a liña d) apoio á repoboación terán prioridade aquelas solicitudes presentadas por agrupacións de produtores que inclúan apicultores profesionais sobre as solicitudes presentadas polos produtores individuais e dentro das presentadas por produtores individuais priorizaranse as dos profesionais e como último criterio terán preferencia os de maior número de colmeas.

As axudas serán adxudicadas a aquelas solicitudes que queden colocadas diante na prelación establecida en función dos criterios anteriores. A determinación da contía será a fixada no artigo 2º para todos os beneficiarios, ata o esgotamento do crédito dispoñible.

A correspondente proposta de resolución da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria elevarase ao conselleiro do Medio Rural a quen competará a súa resolución de concesión ou denegación da axuda no prazo máximo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de publicación desta orde. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, as solicitudes poderán entenderse desestimadas por silencio administrativo. Contra a dita resolución que esgota a vía administrativa poderá interpoñerse os seguintes recursos:

1. Potestativamente, recurso de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses, contado a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

2. Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación.

A resolución notificarase na forma prevista no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A concesión da axuda estará condicionada á aprobación da Lei de orzamentos xerais da Comunidade

Autónoma de Galicia para o ano 2010, de acordo co artigo 5 da Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001.

Artigo 7º.-*Prazo de realización.*

O prazo no que debe ser realizada a actividade axudada corresponderá á anualidade delimitada no Programa estatal aprobado pola Unión Europea e rematará o 1 de setembro do ano 2010.

Antes do 1 de setembro deberán entregarse nas oficinas comarcais agrarias as xustificacións de ter realizado as actuacións e os documentos xustificativos de ter feito o pagamento (movemento bancario) dos gastos relacionados (facturas, nóminas, etc).

Artigo 8º.-*Pagamento das axudas.*

1. O pagamento tramitarase logo de xustificación da execución do proxecto no prazo sinalado, para tal efecto, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación por duplicado (orixinal e fotocopia que deberá ser compulsada):

a) Memoria de realización da actividade indicando datas de realización, número de asistentes a cursos, de ser o caso, e outros aspectos de interese, á que se xuntará a documentación relacionada coa actividade, tal como programas, folletos, notas de prensa e outros.

b) Facturas por duplicado, nóminas, orixinais ou fotocopias compulsadas, e xustificación de pagamento dos gastos realizados (movemento bancario), xunto cunha relación delas cos importes agrupados polos conceptos que se describiron na memoria de solicitude. No caso de pagamento de salario, gratificacións, etc., deberá constar a retención correspondente polo IRPF e xustificación do seu ingreso en Facenda.

c) Declaración responsable na que se expresen as axudas solicitadas, concedidas ou percibidas para o mesmo fin por calquera organismo estatal, autonómico, local ou institucional.

d) Se a actividade axudada correspondese á publicación en formato impreso, audiovisual ou multimedia de orixinais de material didáctico ou de divulgación sobre temas apícolas, dirixidos á formación en materia apícola, incluída a súa preparación e elaboración sempre que a súa finalidade sexa a distribución de balde entre o público, entregarse ademais do establecido no parágrafo anterior, un exemplar orixinal ou unha copia equivalente do material realizado ou algún exemplar editado no caso de que sexa impreso, cunha memoria que indique o seu destino e a xustificación da distribución.

e) No programa de loita contra a varroase, certificación do veterinario responsable acerca de: número de explotacións nas que foi executado; número de

colmeas implicadas; doses de tratamento químico empregado, de ser o caso; e de cumprimento da normativa vixente en materia de medicamentos veterinarios.

2. A contía das axudas será satisfeita unha vez realizados os investimentos previstos en cada caso, tras a súa comprobación por parte dos servizos correspondentes da Consellería do Medio Rural. En ningún caso, se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

3. O incumprimento das obrigas asumidas polo beneficiario suporá a perda total ou parcial da axuda, así como a obriga de restituír as cantidades percibidas, sen prexuízo doutras responsabilidades en que puidesen incurrir os beneficiarios.

Artigo 9º.-*Outras condicións.*

En toda a documentación publicada relacionada coas actividades obxecto da axuda farase constar a frase «Esta actividade foi realizada cunha axuda económica da Consellería do Medio Rural, Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño e fondos Feaga da Unión Europea», cos correspondentes logotipos institucionais.

Artigo 10º.-*Concorrenza con outras axudas.*

A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais e a alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 11º.-*Inspección e control.*

Farase un control administrativo sobre o 100% das solicitudes de axudas recibidas e un control sobre o terreo de cando menos o 5% das adxudicacións.

Os beneficiarios das axudas recollidas nesta orde están obrigados a facilitar todos os labores de inspección ao persoal técnico das distintas administracións que cofinancian o programa, achegando todos os datos que sobre o particular lle sexan solicitados.

O beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas e o Servizo de Auditoría Interna do Fogga no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

A Consellería do Medio Rural reserva para si a facultade de realizar as comprobacións, inspeccións e controis que considere oportunos, verificando o cumprimento da finalidade da axuda. Para tal fin, o beneficiario deberá comunicar por escrito, de ser o caso, as datas e horas de realización das actividades obxecto de axuda con prazo suficiente para poder

efectuar as comprobacións que se consideren oportunas.

No suposto de que, unha vez notificada a resolución de concesión, houbera algunha variación no calendario, nos prazos de execución da actividade sinalados na memoria da solicitude, ou calquera outra modificación, será comunicada á Dirección Xeral de Producción Agropecuaria coa antelación suficiente para que poida realizar as comprobacións que considere necesarias, para efectos de aprobar ou denegar a devandita modificación.

Artigo 12º.-Financiamento.

As axudas establecidas nesta orde teñen o carácter de cofinanciadas polo Feaga da UE ata un 50%, o MARM ata un 25% e a restante porcentaxe á comunidade autónoma, en virtude do Regulamento (CE) 1234/2007, do Consello e o Real decreto 519/1999, do 26 de marzo, polo que se regula o réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais.

A contía das axudas, por importe máximo de 353.732 euros, serán financiadas con cargo aos créditos da aplicación orzamentaria 13.02.713-E.770.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

En ningún caso poderá a axuda financeira do Estado membro ser superior á da comunidade, en virtude do artigo 1 da Decisión da Comisión do 10 de agosto de 2007. Polo que a contía total de axudas aprobadas dependerá do importe de Feaga consignado a Galicia na repartición estatal.

De conformidade co disposto no punto 4 do artigo 5 do Real decreto 519/1999, cando o importe das resolucións ditadas exceda, no que respecta aos importes que se financien mediante fondos achegados polo MARM, as contías aprobadas para a Comunidade Autónoma de Galicia, procederase a reducir proporcionalmente as contías unitarias das axudas.

Igualmente, as resolucións poderán ser modificadas, incrementando a contía das axudas, para readxudicar a parte de crédito autorizado e non utilizado e recoñecido en obriga dentro do exercicio, por falta de xustificación polos beneficiarios da realización das actuacións ou incumprimento do resto das súas obrigas, sempre que non se excedan as limitacións establecidas nesta orde e seguindo a mesma orde de prioridade sinalada no artigo 6º.

Artigo 13º.-Reintegro da axuda, infraccións e sancións.

O interesado ten a obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no seu réxime de infraccións e sancións.

Se como consecuencia dos controis se detectasen incumprimentos na execución do programa aprobado en aspectos relevantes para a efectividade deste, aplicaranse deducións sobre as axudas aprobadas ponderando a gravidade e frecuencia dos incumprimentos.

As deducións parciais aplicables serán as seguintes:

-Do 5% do importe da axuda para o caso de incumprimentos relevantes detectados no 10% das explotacións inspeccionadas ou controis realizados.

-Do 15% do importe da axuda para o caso de incumprimentos relevantes detectados no 20% das explotacións inspeccionadas ou controis realizados.

-Do 25% do importe da axuda para o caso de incumprimentos relevantes detectados no 30% das explotacións inspeccionadas ou controis realizados.

-Do 50% do importe da axuda para o caso de incumprimentos relevantes detectados no 40% das explotacións inspeccionadas ou controis realizados.

En caso de detectar un mesmo tipo de incumprimento na execución do programa sanitario en máis dun 40% das explotacións gandeiras inspeccionadas perderase o dereito á axuda naqueles apartados en que incida o incumprimento constatado.

Disposicións adicionais

Primeira.-Os peticionarios das axudas presentarán, coa solicitude inicial, unha declaración do conxunto de tódalas solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes.

Segunda.-En todas aquelas cuestións non previstas nesta orde, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, BOE nº 276, do martes 18 de novembro de 2003, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Producción Agropecuaria para ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



UNIÓN
EUROPEA
FEAGA



PROCEDEMENTO RÉXIME DE AXUDAS Á APICULTURA:	REPOBOACIÓN E TRANSHUMANCIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR506A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

ENTIDADE		NIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO FAX

E na súa representación:

APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	NIF
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO FAX

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS CONTROL	CÓDIGO DA CONTA
NOME		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
PROVINCIA	POBOACIÓN	CÓDIGO POSTAL	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- XUSTIFICACIÓN DA REPRESENTACIÓN (AUTORIZACIÓN PARA FACER A SOLICITUDE).
- XUSTIFICACIÓN DA IDENTIFICACIÓN DAS COLMEAS (DECLARACIÓN XURADA E MODO DE IDENTIFICACIÓN) E NÚMERO DE COLMEAS.
- NIF
- CERTIFICADO DA CONTA BANCARIA
- FOTOCOPIA COMPULSADA DO LIBRO DE REGISTRO.
- PROGRAMA DE ACTUACIÓN QUE SE PRETENDE DESENVOLVER (MEMORIA ONDE FIGUREN DATOS DO APICULTOR, COLMEAS, DESCRICIÓN DAS OBRAS OU INVESTIMENTOS E FINALIDADE DESTES PARA A MOBILIDADE DAS COLMEAS, FACTURAS PRO FORMA DOS INVESTIMENTOS).
- DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS PARA A REALIZACIÓN DA TRANSHUMANCIA.
- MEMORIA EXPLICATIVA DA REALIZACIÓN DA TRANSHUMANCIA.
- AUTORIZACIÓN DAS OBRAS E DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS.
- XUSTIFICACIÓN DA EXCLUSIVIDADE DO EQUIPAMIENTO PARA A ACTIVIDADE TRANSHUMANTE.
- XUSTIFICACIÓN DA REPOBOACIÓN DAS ABELLAS, DE SER O CASO.
- DECLARACIÓN DAS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE.

O que abaixo asina solicita que lle sexa concedida a axuda establecida na Orde do 30 de novembro de 2009, da Consellería do Medio Rural e consente expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, de ser o caso (Decreto 132/2006, do 27 de xullo).

Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia. SI NON

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 30 de novembro de 2009 pola que se establece o réxime de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2010.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
Lugar e data	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
, de		DATA DE SAÍDA
de 201		

Conselleiro do Medio Rural

ANEXO II



PROCEDEMENTO RÉXIME DE AXUDAS Á APICULTURA: XERAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR506A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

ENTIDADE		NIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO
			FAX

E na súa representación:

APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	NIF
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO
			FAX

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS CONTROL	CÓDIGO DA CONTA
NOME		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
PROVINCIA		CONCELLO	CÓDIGO POSTAL

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- EN CASO DE REPRESENTACIÓN: AUTORIZACIÓN PARA FACER A SOLICITUDE DO ASINANTE DELA E CERTIFICACIÓN DO ÓRGANO COMPETENTE EN QUE SE ACREDITE O DESEMPEÑO ACTUAL DO CARGO.
- ACTA DE CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE OU COPIA COMPULSADA DOS ESTATUTOS.
- RELACIÓN NOMINAL DE SOCIOS (EN PROGRAMA ACTUALIZADO) CON NIF E NÚMERO DE COLMEAS.
- NIF E CERTIFICADO DE CONTA BANCARIA.
- PROGRAMA DE ACTUACIÓN QUE SE PRETENDE DESENVOLVER.
- COPIA DO CONTRATO DO VETERINARIO, DE SER O CASO.
- DECLARACIÓN XURADA DO VETERINARIO SOBRE OS PROGRAMAS DE LOITA CONTRA A VARROASE, DE SER O CASO.
- XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DO PUNTO 1) ALÍNEAS C), F), G), H) DO ARTIGO 3º.2.
- FOTOCOPIA COMPULSADA DO LIBRO DE REGISTRO DE CADA UN DOS APICULTORES INTEGRANTES DA ORGANIZACIÓN OU ASOCIACIÓN.
- DECLARACIÓN DAS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE.

O que abaixo asina solicita que lle sexa concedida a axuda establecida na Orde do 30 de novembro de 2009, da Consellería do Medio Rural, e consente expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, de ser o caso (Decreto 132/2006, do 27 de xullo).

Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia. SI NON

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 30 de novembro de 2009 pola que se establece o réxime de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2010.</i>
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA <i>Lugar e data</i>

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		_____
		DATA DE ENTRADA
		___/___/___
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		___/___/___
		DATA DE SAÍDA
		___/___/___



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



**UNIÓN
EUROPEA**
FEAGA



ANEXO III
DECLARACIÓN DAS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS
PARA A MESMA FINALIDADE

Eu, _____ ,
en nome propio ou en representación da entidade _____ ,
con CIF _____ e domicilio en _____

DECLARO:

Que non solicitei e non se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como non existir outros ingresos ou recursos que financien o proxecto.

Que solicitei e se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como outros ingresos ou recursos que financien o proxecto, a saber:

_____, de _____ de _____

Asdo: _____

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

INSTITUTO GALEGO DA CALIDADE ALIMENTARIA

Resolución do 23 de novembro de 2009 pola que se fai pública a listaxe de aspirantes aprobados no proceso selectivo convocado pola Resolución do 23 de decembro de 2008 para a cobertura de once prazas de persoal laboral fixo para este instituto.

Unha vez rematado o proceso de selección para a cobertura de once prazas de persoal laboral fixo, pola quenda de acceso libre, vacantes no cadro de persoal laboral fixo do ente público Ingacal convocado por resolución desta presidencia do 23 de decembro de 2008 (DOG nº 249, do 24 de decembro), publicadas, pola comisión de selección, as listas de aspirantes aprobados para cada categoría con indicación da puntuación obtida en cada unha das

fases do proceso e a puntuación final e, elevada a acta con este resultado ao presidente do Ingacal, esta Presidencia, de conformidade coa base 9 da convocatoria,

RESOLVE:

1. Aprobar a listaxe de aspirantes seleccionados/as para os postos de investigador/a II:

Especialidade: sanidade animal (ruminantes). 1 praza.

Apelidos e nome	DNI	1º exercicio	2º exercicio	Méritos	Total
Castro Hermida, José Antonio	32818743C	47,17	Exento	38,07	85,24

Especialidade: técnicas aplicadas de diagnóstico fitopatolóxico. 1 praza.

Apelidos e nome	DNI	1º exercicio	2º exercicio	Méritos	Total
Ascasíbar Errasti, Javier	15366802L	39,66	Apto	21,68	61,34

Especialidade: seguridade ambiental e seguranza alimentaria nos sistemas produtivos. 1 praza.

Apelidos e nome	DNI	1º exercicio	2º exercicio	Méritos	Total
Dagnac Pierron, Thierry	X2184336A	50,67	Apto	32,90	83,57